

ra e Turismo, agás os que se deleguen expresamente noutros órganos.

Artigo 5º.-Recursos administrativos.

Delégase no secretario xeral o exercicio das competencias seguintes:

a) A resolución dos recursos dealzada e extraordinario de revisión e as reclamacións previas á vía civil ou laboral, cando a facultade de resolución lle corresponda ao titular da consellería, así como a suspensión dos actos impugnados en vía administrativa.

b) A admisión a trámite e resolución das solicitudes de revisión de oficio, a declaración de lesividade de dos actos anulables e a revogación de actos de gravame ou desfavorables, segundo o previsto no capítulo I do título VII da Lei 30/1992.

c) A resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial atribuídos ao titular da consellería.

Enténdese comprendido na delegación no secretario xeral o exercicio da competencia para resolver os recursos de reposición que se interpoñan contra as resolucións que dite en virtude das facultades que se lle delegan nesta orde.

Artigo 6º.-Subvencións.

Delégase no secretario xeral a competencia para resolver os procedementos de concesión de axudas e subvencións e, se é o caso, acordar o seu reintegro, así como a incoación de procedementos sancionadores e imposicións de sancións tipificadas como leves e graves nos artigos 54 e 55 da Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia, agás a que se delegue noutros órganos.

Artigo 7º.-Fundacións.

Deléganse no secretario xeral as funcións que derivan do exercicio do protectorado das fundacións de interese galego adscritas a esta consellería.

Artigo 8º.-Réxime xurídico das delegacións.

1. As resolucións administrativas que se adopten facendo uso das delegacións contidas nesta orde farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas pola autoridade que a confiriu.

2. En calquera momento, o conselleiro poderá reclamar o exercicio das competencias que son delegadas por esta orde.

3. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario xeral, as atribucións contidas nesta orde serán exercidas respectivamente polos titulares dos órganos superiores desta consellería, seguindo a orde de prelación establecida polo artigo 7 a) do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

Disposición transitoria

Mentres non se modifique a súa delimitación, enténdense delegadas nos xefes territoriais da Consellería de Cultura e Turismo, respecto dos créditos desconcentrados ou que serán obxecto de desconcentra-

ción en cada un dos citados departamentos, as competencias para actuar como órganos de contratación, autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos ditos créditos, a aprobación dos actos de disposición de créditos, o recoñecemento das obrigas, e a proposta dos pagamentos correspondentes á Consellería de Facenda, así como a competencia para resolver os procedementos de concesión de axudas e subvencións e acordar o seu reintegro para aqueles créditos que fosen desconcentrados e así o determinen as correspondentes convocatorias de axudas e subvencións.

Disposicións derogatorias

Primeira.-Queda derogada a Orde do 12 de xaneiro de 2007 sobre delegación de competencias nos órganos centrais e periféricos da Consellería de Cultura e Deporte.

Segunda.-Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2009.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 29 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

A Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego, recoñece na súa exposición de motivos o papel que as organizacións profesionais agrarias cumpren na vertebración social e profesional do sector primario. A súa achega para artellar mecanismos eficaces de participación directa do sector agrario coa Administración, asegurando a presenza dos intereses dos produtores agrarios nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias, así como o constante traballo a prol dunha garantía de rendas dignas para os agricultores e da mellora da calidade de vida no medio rural contribuíron ao recoñecemento por parte dos poderes públicos da súa lexítima representatividade como interlocutores sociais no eido agrario e mesmo tamén pola sociedade civil como entidades representativas dos labregos e labregas.

En concordancia con esa función vertebradora da trama social do medio rural, cómpre artellar medidas de apoio institucional ás organizacións profesionais agrarias. Esta orde establece o marco regulador das subvencións ás organizacións representativas do sector agrario en Galicia co obxectivo de fortalecer a súa implantación e consolidación.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo no seu artigo 14 que, con carácter previo á disposición dos créditos, os órganos concedentes establecerán as bases reguladoras aplicables ás subvencións. Esta orde adáptase a esa normativa, tendo en conta en todo caso os principios recollidos no artigo 5.2º da devandita lei.

Xa que logo, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1º.-*Obxecto da orde.*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións que a Consellería do Medio Rural conceda con cargo aos seus orzamentos ás organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario.

2. As bases reguladoras publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da consellaría consonte o previsto no artigo 5.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Así mesmo, por medio desta orde convócase a devandita axuda para o ano 2009.

CAPÍTULO II BASES REGULADORAS

Artigo 2º.-*Obxecto e finalidade.*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto establecer o réxime de subvencións que conceda, en réxime de concorrencia competitiva, a Consellería do Medio Rural con cargo aos seus orzamentos ás organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario.

2. A finalidade das axudas concedidas ao abeiro destas bases reguladoras é a realización de actividades de representación e de formación dos asociados das organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia e dos agricultores e agricultoras galegos en xeral.

Artigo 3º.-*Entidades beneficiarias.*

1. Serán beneficiarias as organizacións profesionais agrarias legalmente constituídas en Galicia e nas que concorran as circunstancias previstas nesta orde, e non incorran nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Actividades subvencionables.*

1. Serán obxecto de subvención os custos derivados das actividades que se relacionan a seguir, que desenvolverán as organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia:

a) Funcións e actuacións que lles son propias conforme a normativa legal.

b) Funcións ordinarias de xestión interna das organizacións profesionais agrarias.

c) Representación perante as institucións.

d) Participación nos órganos colexiados, comisións, mesas sectoriais que, para a defensa dos intereses dos seus representantes, foron constituídos pola Administración galega.

e) Formación dos asociados e dos seus familiares.

f) Impulso do asociacionismo agrario.

2. A determinación dos gastos subvencionables axustarase ao disposto nos artigos 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Particularmente, de acordo co recollido no artigo 29 da dita Lei 9/2007, cando o importe do investimento subvencionable supere a contía de 30.000 euros no caso de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á entrega do ben ou á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás nos casos nos que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

A elección destas ofertas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía na proposta económica máis vantaxosa.

O IVE será subvencionable se concorren as circunstancias previstas no artigo 29.9º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Prazo e forma das solicitudes.*

As solicitudes para participar no procedemento de concesión da axuda presentarase na forma e prazo que se indiquen na convocatoria.

Artigo 6º.-*Criterios de valoración.*

Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, conforme o punto 2.1 do artigo 20º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As solicitudes da axuda serán valoradas de xeito que a distribución da axuda se efectúe de xeito paritario nun 70% do seu importe, e o 30% restante atendendo ao recollido no parágrafo anterior, entre as organizacións profesionais agrarias que concorron ás eleccións a cámaras agrarias que tiveron lugar o 26 de maio de 2002, segundo o recollido na disposición transitoria única da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego.

Artigo 7º.-*Órganos competentes.*

1. O órgano competente para a ordenación e instrución do procedemento de concesión é a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellaría do Medio Rural.

2. A resolución das axudas, logo da proposta elaborada pola comisión de valoración e fiscalización da Intervención Delegada, competeralle ao conselleiro do Medio Rural.

Artigo 8º.-Instrución dos procedementos.

1. As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes á Dirección Xeral de Produción, Agropecuaria da Consellería do Medio Rural, co fin de comprobar se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde.

2. Unha vez presentada a solicitude, revisarase a súa documentación e no suposto de que non cumpra algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase ao/á interesado/a para que, conforme o disposto no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se non o fixese, considerase que desiste da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos establecidos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderá requirirse ao/a solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas desta.

Artigo 9º.-Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nestas bases reguladoras, así como de propoñer a concesión ou denegación da axuda ás entidades interesadas.

2. A Comisión de Valoración, baixo a dependencia da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, estará presidida polo subdirector xeral de Produción Agraria Sustentable e Fomento Asociativo, e integrada ademais polo xefe do Servizo de Produción Agraria Sustentable e Sanidade Vexetal e polo xefe do Servizo de Fomento Asociativo Agrario. Actuará como secretario ou secretaria un funcionario, con categoría de xefe de sección, do Servizo de Fomento Asociativo, con voz pero sen voto.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún ou algunha dos seus integrantes non puidese asistir, será substituído polo funcionario ou funcionaria que para o efecto designe o subdirector xeral de Produción Agraria Sustentable e Sanidade Vexetal, cun rango equivalente ao substituído.

3. A comisión elaborará un informe que elevará ao director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural, quen redactará a oportuna proposta de resolución.

Artigo 10º.-Resolución.

1. A proposta de resolución será elevada á persoa titular da Consellería do Medio Rural, quen, á vista desta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a axuda concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

2. En ningún caso o importe da axuda concedida poderá superar o custo da actividade que desenvolverá a entidade beneficiaria.

3. A resolución notificaráselles ás entidades interesadas no prazo de dez días a partir da data na que fora ditada.

Artigo 11º.-Anticipos.

1. Unha vez ditada a resolución e notificada aos interesados, estes poderán solicitar o pagamento dun anticipo de ata o 70 por 100 do importe total concedido, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A solicitude de anticipo realizarase ante a Consellería do Medio Rural no prazo de quince días a partir da notificación da resolución de concesión.

Artigo 12º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. O pagamento total da subvención xustificarse por medio de memoria xustificativa na que se detallen as accións e actividades desenvolvidas durante o exercicio anual, acompañada da seguinte documentación:

a) Certificación que acredite, de xeito desagregado, os gastos contraídos polas actividades obxecto de subvención.

b) Copia compulsada das nóminas, TC1 e TC2 do persoal da organización. A suma do seu importe non poderá superar o 70% do total dos gastos presentados.

c) Facturas orixinais dos gastos, ou as súas copias compulsadas, debidamente conformadas polo presidente, secretario xeral ou representante legal da organización beneficiaria. As facturas deberán traer o IVE desagregado correctamente.

d) Xustificación documental que acredite o emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

e) Certificación de todas as axudas solicitadas ante as distintas administracións públicas para os mesmos fins recollidos nesta orde, tanto as concedidas como as pendentes de resolución. Esta certificación debe vir asinada polo presidente, secretario xeral ou representante legal da organización.

2. A Administración poderá solicitar a documentación adicional de carácter complementario que se considere necesaria para a xustificación das subvencións concedidas ao abeiro desta orde.

3. A documentación e xustificantes do gasto presentaranse antes da data que se indique na correspondente convocatoria anual.

4. A documentación xustificativa do gasto presentarse preferentemente perante a Dirección Xeral de Produción, Agropecuaria da Consellería do Medio

Rural, no edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela.

5. A liquidación do importe final das axudas concedidas calcularase en función das facturas, documentación e demais xustificantes que se presenten ao respecto, de acordo co establecido nestas bases reguladoras e na resolución de concesión.

6. No caso de que os gastos totais xustificados e admitidos, sexan inferiores ao importe da subvención concedida, practicarase e redución proporcional correspondente, sempre que se cumprisen os obxectivos previstos.

7. O pagamento da subvención realizarase logo de xustificación polo beneficiario, nos termos recollidos neste artigo, e dacordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-*Importe máximo das subvencións.*

1. O importe das subvencións reguladas nesta orde non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo das actividades que van desenvolver as entidades beneficiarias.

2. Os rendementos financeiros que se xeren polo fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

Artigo 14º.-*Incompatibilidade.*

1. As subvencións reguladas por estas bases son incompatibles con calquera outra axuda procedente das administracións públicas que se conceda para os mesmos obxectivos e gastos.

2. A vulneración deste precepto dará lugar á perda da subvención concedida.

Artigo 15º.-*Obrigas das entidades beneficiarias.*

As entidades beneficiarias estarán obrigadas ao disposto con carácter xeral no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás derivadas do reintegro das cantidades percibidas nos casos establecidos no artigo 33 da devandita norma legal.

Artigo 16º.-*Circunstancias para a modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. En caso de incumprimento parcial, a fixación da contía que deba ser reintegrada determinarase en aplicación do principio de proporcionalidade.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular

da consellería, logo da instrución do correspondente expediente no cal se lle dará audiencia á entidade interesada.

Artigo 17º.-*Seguimento e control.*

1. As organizacións profesionais beneficiarias deberán comunicarlle obrigatoriamente á Dirección Xeral de Produción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural, con antelación suficiente, calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente o destino ou correcta aplicación da subvención concedida.

2. Calquera irregularidade ou ocultación de datos que poida afectar para a concesión desta axuda será causa suficiente para a súa denegación ou posterior devolución.

3. Así mesmo, a Consellería do Medio Rural poderá realizar as comprobacións e inspeccións que considere oportuno co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como lóxico seguimento e control das axudas concedidas. Tamén facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 18º.-*Infraccións e sancións.*

Ás entidades beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación do réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 19º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro desta orde ou na respectiva orde de convocatoria poñen fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

-Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992.

-Directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.

Artigo 20º.-*Rexistros públicos de subvencións e de sancións.*

1. As axudas concedidas ao abeiro desta orde figurarán nun rexistro con expresión das persoas físicas ou xurídicas beneficiarias, as cantidades concedidas, a normativa que amparou a concesión e a finalidade desta.

2. Tamén figurarán no rexistro público as sancións administrativas firmes impostas pola Xunta de Galicia en materia de axudas e subvencións, con expresión das persoas físicas ou xurídicas afectadas, a normativa infrinxida e o importe da sanción.

CAPÍTULO III
CONVOCATORIA PÚBLICA PARA 2009

Artigo 21º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes de axuda presentaranse mediante instancia segundo o modelo anexo, debidamente cubertas e asinadas polo presidente, secretario xeral ou representante legal da organización peticionaria, xunto coa documentación que se detalla deseguido:

a) Acordo do órgano competente, debidamente acreditado, polo que se decide solicitar a subvención e se autoriza a persoa encargada dos trámites.

b) Memoria xustificativa e suficientemente detallada das actividades que teña previsto desenvolver cada organización profesional durante o ano 2009, e en particular, do emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.

c) Copias compulsadas do CIF da organización solicitante e do documento de identidade do seu representante.

d) Certificación bancaria do número de conta.

e) Certificación sobre os seguintes aspectos:

-Cumprimento xeral dos requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como das obrigas e compromisos que nela se establecen.

-Autenticidade dos datos facilitados e da documentación presentada.

-Compromiso de facilitar a documentación complementaria que se poida requirir, así como de permitir as comprobacións e inspeccións que para o efecto esta Administración considere oportunas.

-Compromiso de non beneficiarse de ningunha outra subvención procedente de entidades públicas para os mesmos fins para os que se solicita a axuda ao abeiro desta orde.

-Declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas nos artigos 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Consonte o artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellaría do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial a concesión das axudas reguladas neste orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na devandita páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas de ser o caso. O inte-

resado poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concurra algunha das circunstancias previstas na letra d) do apartado 2º do artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22º.-*Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes dirixiranse ao conselleiro do Medio Rural. Presentaranse preferentemente no rexistro xeral desta consellería nos servizos centrais, ou do xeito previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As solicitudes de subvención presentaranse no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 23º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

1. Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, e a resolución e a súa notificación non poderá exceder de seis meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

2. No suposto de vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 24º.-*Prazo de presentación da xustificación.*

A documentación e xustificantes presentaranse antes do día 30 de outubro de 2009.

Artigo 25º.-*Financiamento.*

1. As axudas económicas reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.712C.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e por un importe máximo de 1.125.000 euros.

Disposición adicional

Única.-Nos aspectos non regulados nesta orde estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Secretaría Xeral

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA AS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR321A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ORGANIZACIÓN SOLICITANTE E DO SEU REPRESENTANTE

DENOMINACIÓN DA ORGANIZACIÓN _____	CIF _____
---------------------------------------	--------------

E, na súa representación:

DON / DONA _____		DNI _____	
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS _____		PROVINCIA _____	CONCELLO _____
LOCALIDADE _____	CÓDIGO POSTAL _____	TELÉFONO _____	EXTENSIÓN _____
FAX _____		ENDEREZO ELECTRÓNICO _____	

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO _____	CÓDIGO DA SUCURSAL _____	DC _____	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE _____
NOME DA ENTIDADE BANCARIA _____		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO) _____	
PROVINCIA _____	CONCELLO _____	CÓDIGO POSTAL _____	

DOCUMENTACIÓN

- ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE, DEBIDAMENTE ACREDITADO, POLO QUE SE DECIDE SOLICITAR A SUBVENCIÓN.
- MEMORIA EXPLICATIVA E SUFICIENTEMENTE DETALLADA DAS ACTIVIDADES QUE TEÑA PREVISTO DESENVOLVER CADA ORGANIZACIÓN PROFESIONAL DURANTE O ANO 2009.
- COPIAS COMPULSADAS DO CIF DA ORGANIZACIÓN SOLICITANTE E DO DNI DO SEU REPRESENTANTE.
- CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA.
- CERTIFICACIÓN DOS COMPROMISOS E OBRIGAS EXIXIDOS NESTA ORDE (ARTIGO 21º PUNTO 5):
 - CUMPRIMENTO XERAL DOS REQUISITOS NECESARIOS PARA ACOLLERSE A ESTA ORDE DE AXUDAS. ASÍ COMO DAS OBRIGAS E COMPROMISOS QUE NELA SE ESTABLECEN.
 - AUTENTICIDADE DOS DATOS FACILITADOS E DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.
 - COMPROMISO DE FACILITAR A DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE POIDA REQUIRIR, ASÍ COMO DE PERMITIR AS COMPROBACIÓNS E INSPECCIÓNS QUE PARA O EFECTO ESTA ADMINISTRACIÓN CONSIDERE OPORTUNAS.
 - COMPROMISO DE NON BENEFICIARSE DE NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN PROCEDENTE DE ENTIDADES PÚBLICAS PARA OS MESMOS FINS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA AO ABEIRO DESTA ORDE.
 - DECLARACIÓN EXPRESA DE NON ATOPARSE INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NOS ARTIGOS 10.2 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA E 13.2º DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIÓNS.

OBSERVACIÓNS

EXPÓN:

Que autoriza a Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 29 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

SINATURA DO/A PRESIDENTE/A SECRETARIO/A XERAL OU REPRESENTANTE LEGAL.

O/A abaixo asinante declara que son certos os datos consignados nesta solicitude, reunindo todos os requisitos exixidos, aceptando as condicións establecidas nas bases da convocatoria destas axudas e, autoriza á Consellería do Medio Rural para que obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

En _____, _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA
 ____/____/____

DATA DE EFECTOS
 ____/____/____

DATA DE SAÍDA
 ____/____/____

Conselleiro do Medio Rural